

VIERNES, 23 de enero de 2009

REPORTAJE: LUCES

A síndrome de Rimbaud

Ausencias prolongadas ou renuncias definitivas, escritores de un, dous ou tres libros alegan motivos diversos para explicar os seus silencios de anos

DANIEL SALGADO | 23 ENE 2009

É celebre a decisión de Arthur Rimbaud. Logo de reconfigurar a modernidade poética con *Illuminations* ou *Une Saison en Enfer*, e con 19 anos, abandonou a literatura para sempre. Morreu en 1891. Tamén Juan Rulfo escribiu os libros que, segundo el, faltaban na súa librería -*El llano en llamas* e *Pedro Páramo*- e calou. No abrente da Nova Narrativa Galega, e antes de facer 20 anos, Gonzalo Rodríguez Mourullo deu á luz *Nasce un albre* (1954) e *Memoria de Tains* (1956), revolucionou as letras e retirouse á avogacía en Madrid. O editor Víctor Freixanes, que hai 12 anos editou a súa terceira e última novela, cita a Méndez Ferrín: "O silencio é unha das opcións do escritor, administrar o que publica". Fóra dos casos de dominio público, a historia recente da literatura galega aparece puntuada por autores dun só libro e ausencias delongadas da praza pública.

"O silencio é unha das opcións do escritor", cita Freixanes a Ferrín

Casas: "Naquela altura angostura do formato 'lirica' non daba máis de si"

O segundo premio Esquíu de poesía recaeu, en 1982, nun rapaz de 21 anos. *Á sombra dos pavillóns* titulábase o libro de Anxo Quintela (Vigo, 1960). Só en 1998 volveu publicar, *O asasino estrábico*, "e por un cambio de quenda no traballo". "De súpeto tiven tempo e escribino en catro meses", explica. Pero Quintela xa non escribe. "Deixei de escribir nun proceso natural, nada traumático", explica. Complicado na pregunta "¿por que se escribe?", asegura que non volverá ao xénero e que lle interesa o ensaio.

"Levo máis de 15 anos sen pensar en libros de poemas". Para Arturo Casas (A Coruña, 1958), con todo, non existe unha "separación rixida" entre discursos. "Resúltame igual de estimulante facer un poema, facer crítica ou escribir un recado para alguén", afirma, antes de comentar a súa alerxia á linguaxe formularia. Casas traballa como profesor de Teoría da Literatura e coa súa sinatura agromaron poemas en *Sombra de unidade*, *Nadir* e *Momentum*, este último en 1997.

"Naquela altura, a angostura do formato 'lirica' non daba máis de si", lembra Arturo Casas, "e no momento actual podo aliviar o tedio, por exemplo, coa tensión directa e sometida a caducidade do blog". Un coetáneo do mantedor de *landoas.blogspot.com*, Xavier Rodríguez Barrio (Lugo, 1954), compre xa 17 anos de silencio editorial. *Antiga claridade*, premio da Crítica Española en 1992, foi o seu décimo primeiro libro de poemas. "Non quería rematar como Manuel María", di divertido, "e naquel intre pareceume que xa dixera todo o que tiña que dicir en poesía". O nome de Rodríguez Barrio formou entre os principais da Xeración dos 80. Gañou o Esquíu ou o Lorenzo Baleirón. "Agora decidín impoñerme unha severa lentitude na escrita", declara, "e unha reflexión profunda sobre que haxa de publicar". Barrio, que antes de encaixar na promoción dos 80 publicara na polémica antoloxía de María Victoria Moreno *Os novísimos*, prepara arestora un novo

libro.

A recolleita de Moreno, datada en 1973, tamén entraba obra en verso do xornalista Luís Álvarez Pousa. "Sempre dixen que me dediquei ao xornalismo da man da literatura", admite o director de *Tempos Novos*. Pero o relato de Álvarez Pousa, autor da letra do popular tema de Fuxan Os Ventos *Sementeira*, remite ao tempo colectivo no que naceu *Os cans da vida* (1972, na colección Val de Lemos de Manuel María): "No tardofranquismo encarábamos un tempo novo e optei polo xornalismo; amais, había que procurar unha saída profesional". Segundo o profesor, "o xornalista matou ao literato". E, no entanto, aquel poeta que se define debedor de Celso Emilio Ferreiro ou Manuel María, "da tensión entre realidade e cristianismo progresista", non desbota o regreso á literatura "en forma de contos".

Tamén o xornalismo deu en absorber a Aníbal C. Malvar (A Coruña, 1964). Practicante da narrativa *noir*, deixou nas librarías catro novelas, a última, *Á de mosca*, hai once anos. "Non tiña nada que contar, non tiña esa pulsión necesaria para a novela", apunta, "aínda que, ao traballar de reporteiro [no xornal *El Mundo*], dalgún xeito achégome á literatura". Malvar desvela, con todo, que traballa nunha novela "que xa está avanzada". Unha trama complexa vertebra un libro que non se afasta do xénero negro: "*Os miserábeis*, de Víctor Hugo, eran xénero negro, e tamén unha novela política".

En Madrid reside o sociólogo Fermín Bouza Álvarez (Santiago de Compostela, 1946). Escritor activo na década dos 80, a súa última incursión literaria sitúase en 1990 e nos poemas de *Labirinto de inverno*. "Estás en Madrid e escribes en galego, iso xa é unha aberración; o mercado galego é pechado e os de fóra non importamos", láia-se. Bouza Álvarez non atopa estímulo para publicar, "pero si para pensar literariamente". Logo de *Labirinto...*, o tamén profesor da Universidad Complutense dera ao prelo *Las bodas secretas de Lilia* (1991). Malia a que a versión orixinal da novela era en galego, non houbo editorial que se interesase por ofrecela á luz e finalmente saiu en Destino. "Pero non se vendeu".

Silencio, cando non paus, é o pouco que, según Fermín Bouza, pode agardar un escritor galego. Xabier Cid (Orense, 1975) súmase ás protestas de Bouza, aínda que noutro campo. "Só se me ocorren dúas razóns para publicar", explica, "unha, o ego, que satisfago por outras vías; dúas, pola pasta". Cid procurara a segunda alternativa no premio Lueiro Rey do ano 2000, no que ficou en segunda posición con *Terá as túas balas*. "Non a quería publicar, porque non gañara e non levara a pasta, pero convencéronme e aí está", relata, "e supoño que se me publicaron daquela un mal libro tamén me publicarían agora".

O desvío cara á escrita na Rede non influíu de xeito determinante na actitude de Xabier Cid cara ao papel. "O blog non o fago eu exactamente", enuncia, "pero escribir se non hai pasta ao final do túnel...". É Víctor Freixanes quen se refire á "cantidade de texto que se escribe no traballo". Freixanes, logo d' *O triángulo inscrito na circunferencia* (1982), *O enxoival da noiva* (1989) e *A cidade dos Césares* (1993), profesionalizouse como editor: "Tamén te sintes, senón pai, si padriño das criaturas que vas editando". Anuncia un volume de relatos contra fin de ano e, con certa melancolía, argúe: "A min o que me houbese gustado ser de maior era escritor".